



A CAZA EN GALICIA

2014-2015

GUÍA INFORMATIVA

XUNTA DE GALICIA

Novidades da lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de galicia

- As accións preparatorias das cacerías colectivas de caza maior -realizadas sen armas-, o adestramento de cans e o voo libre de aves de cetraría NON se consideran acción de cazar.
- A distancia máxima á que pode estar un cazador menor de idade que cace con armas, respecto á persoa maior de idade encargada da súa vixilancia, é de **50 m**.
- Nas cacerías colectivas de caza maior, o **responsable da cacería** é a persoa a quen lle corresponde velar porque se cumpran as normas éticas e de seguridade e quen dirixe a cacería, responsabilizándose do correcto comportamento do colectivo dos cazadores durante a xornada de caza (que inclúe o uso de roupa de alta visibilidade en batidas, monterías e zapeos de raposo).
- Modalidades de caza:
 - Inclúense dúas modalidades de caza menor non contempladas na anterior Lei: a “caza do raposo en tobos” e a “caza ao dente”,
 - O gancho pasa a denominarse BATIDA, recuperando a súa denominación tradicional.
- Os/as axentes da autoridade poderán adoptar medidas de carácter provisional (comisos da caza, viva ou morta; incautacións das armas, útiles, instrumentos ou substancias e precintado de vehículos ou embarcacións) no caso de infraccións graves ou moi graves ao disposto nesta Lei, con carácter previo ao inicio do correspondente expediente sancionador.

D.L.: C 1487-2013

Imprime: Gráficas Anduriña

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Extracto da Resolución do 12 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2014-2015 (DOGA nº 99, do 26 de maio de 2014).






NORMAS DE CARÁCTER XERAL

1. A resolución regula os períodos hábiles de caza, as especies sobre as que se poderá exercer, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais ou particulares que afectarán o exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2014-2015.
2. A caza poderase exercer unicamente sobre as especies de aves e mamíferos que se relacionan no anexo IV do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
3. O período hábil para exercer a caza, válido con alcance xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, será o comprendido entre os días 19 de outubro de 2014 e o 6 de xaneiro de 2015, ambos inclusive, coas excepcións que para cada especie se sinalan na resolución.

Os días da semana nos que se permitirá o seu exercicio dependerán de que se trate dunha ou doutra das modalidades de caza menor ou maior, conforme co que se determina na resolución, e con carácter xeral os días hábiles de caza serán (tanto para menor como para maior) os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico.
4. Os medios e métodos non autorizados con carácter xeral para exercer a caza, son os que figuran no artigo 68 da Lei 13/2013, de caza de Galicia e no artigo 32 do Regulamento de caza.
5. Só poderán ser obxecto de venda ou comercio as especies silvestres cazables que se relacionan no anexo II da resolución.
6. A posta en liberdade de animais silvestres vivos de carácter cinexético requirirá a autorización previa do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza, conforme o artigo 53 da Lei 13/2013 de caza de Galicia.

A partir do 11 de setembro de 2007, para obter a primeira licenza de caza, débese ter en conta o establecido na Orde do 1 de xuño de 2007 pola que se regula o exame do cazador na Comunidade Autónoma de Galicia.

OUTRAS LIMITACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

-  1. De acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, quedan prohibidos os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados durante un período contado desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran tres anos deste, agás autorización expresa do órgano competente en materia cinexética, logo do informe favorable da consellaría competente en materia forestal.
-  2. Naqueles terreos de réxime cinexético común nos que, en virtude do establecido no artigo 9.4.º da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contar cunha superficie continua superior ás 500 ha a cota máxima por cazador e día será dunha perdiz rubia e dous coellos.
-  3. Nunca se poderá incluír como pezas de caza:
 - a) As crías e femias de especies de caza maior cando vaian acompañadas das súas crías.
 - b) Os machos inmaduros das especies de corzo, cervo e gamo.
 - c) Os machos adultos que efectuasen a esmouca antes de cerramento do seu período hábil de caza.



RÉXIMES ESPECIAIS POR ESPECIES

CAZA MENOR

| Especie | Período hábil | | Días hábiles | Modalidades | Observacións |
|----------------|---------------|----------|--------------|-----------------------------------|---|
| | Dende | Ata | | | |
| Arcea e agacha | 19/10/14 | 06/01/15 | X, D, e F | Empregadas en caza menor | Poderase prolongar o período hábil ata o 08/02/15, en T.R.C.E(2), logo da súa solicitude. Cota de capturas de 3 exemplares por cazador e xornada de caza. Está prohibida a caza da agacha nos concellos da provincia de Ourense que se relacionan no anexo V da Resolución do 12 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. |
| Lebre | 19/10/14 | 30/11/14 | X, D, e F | Empregadas en caza menor | En terreos de réxime cinexético especial. |
| | 17/08/14 | 18/10/14 | X, S, D e F | Batida | |
| Raposo | 19/10/14 | 06/01/15 | X, D e F | Empregadas en caza menor e batida | Poderase autoriza-la súa caza nos Tecor da antiga Lagoa de Antela (anexo III da resolución), con plan técnico de caza, coas seguintes condicións e coas medidas especiais que estime o Servizo de Conservación da Natureza: <ul style="list-style-type: none"> - máximo 15 escopetas por xornada - máximo 4 escopetas por cuadrilla - máximo 10 pezas por cazador e día - Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 2.000 e 5.000 Ha, 1 só cuartel cunha superficie máxima de 1.000 Ha - Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 5.000 e 10.000 Ha, 2 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha cada un deles. - Tecor cunha superficie útil para a especie > 10.000 Ha, 3 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha cada un deles - Terreos coa colleita realizada na súa maior parte, prohibíndose a caza naquelas superficies non colleitadas. - Tecor con vixilancia. |
| | 07/01/15 | 08/02/15 | X, S, D e F | Batida | |
| Paspallás | 23/08/14 | 14/09/14 | S e D | En man e ao salto | |
| | 19/10/14 | 06/01/15 | X, D, e F | Empregadas en caza menor | |

RÉXIMES ESPECIAIS POR ESPECIES

CAZA MENOR

| | | | | | |
|--|----------------------|----------|-----------|--------------------------|--|
| Pombo torcaz e rula común | 23/08/14 | 14/09/14 | S e D | En man e ao salto | <p>Poderase autoriza-la súa caza xunto co paspallás nos Tecor da antiga Lagoa de Antela (anexo III da resolución), coas seguintes condicións e coas medidas especiais que estime o Servizo de Conservación da Natureza:</p> <ul style="list-style-type: none"> - máximo 15 escopetas por xornada - máximo 4 escopetas por cuadrilla - Tecor con vixilancia - Cota de capturas de 5 exemplares por cazador e xornada de caza. |
| | 19/10/14 | 06/01/15 | X, D, e F | Empregadas en caza menor | |
| Tordo real, tordo galego, tordo malvis, e tordo charlo | 19/10/14 | 06/01/15 | X, D, e F | Empregadas en caza menor | <p>Prolóngase o período hábil de caza para estas especies ata o 31/01/15, na superficie dos tecores incluída nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui da provincia de Pontevedra.</p> |
| Charrela, avefría, pato cullerete, rula turca, gaiyota escura, pomba brava, pomba zura e gralla cereixeira | Prohibida a súa caza | | | | |
| Resto das especies de menor | 19/10/14 | 06/01/15 | X, D e F | Empregadas en caza menor | <p>Son as que aparecen na relación de especies cazables do anexo IV do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia</p> |

RÉXIMES ESPECIAIS POR ESPECIES

| CAZA MAIOR | | | | Observacións | | |
|----------------------------|-----------------------------|----------|--------------|--------------|---------------------------|-------------------|
| Especie | Período hábil | | Días hábiles | | Modalidades | |
| | Dende | Ata | | | | |
| Corzo | ♂ T.R.C.E ⁽²⁾ | 01/04/15 | 31/07/15 | Todos | Axexo | |
| | | 24/08/14 | 18/10/14 | S, D e F | | Batida e montaría |
| | | 24/08/14 | 18/10/14 | S, D e F | | Batida e montaría |
| Corzo | ♂ T.R.C.C ⁽¹⁾ | 24/08/14 | 18/10/14 | S, D e F | Batida e montaría | |
| | | 07/01/15 | 08/02/15 | Todos | Axexo | |
| | | 07/01/15 | 08/02/15 | X, S, D e F | Batida e montaría | |
| Xabariil | ♀ T.R.C.E ⁽²⁾ | 15/08/14 | 31/08/14 | X, S, D e F | Batida, montaría e espera | |
| | | 07/01/15 | 08/02/15 | S | | |
| | | 01/09/14 | 06/01/15 | X, S, D e F | | |
| Cervo, gamo e muflón | T.R.C.E ⁽²⁾ | 15/08/14 | 08/02/15 | X, S, D e F | Axexo | |
| | | 06/09/14 | 05/10/14 | Todos | | |
| | | 19/10/14 | 02/02/15 | X, S, D e F | | Batida e montaría |
| Cabra montesa ³ | ♂ e ♀ | 01/10/14 | 01/11/14 | Todos | Axexo | |
| | | 15/12/14 | 31/01/15 | Todos | | |

Con plan de ordenación cinexética aprobado, poderán autorizarse outras idades.

Machos adultos e femias adultas en descaste en T.R.C.E⁽²⁾, previa autorización dos servizos de Conservación da Natureza, derivada da presentación dun plan de aproveitamento cinexético.

Machos selectivos e femias adultas en descaste.
Machos trofeo.

- (1) T.R.C.C= terreos con réxime cinexético común
- (2) T.R.C.E= terreos con réxime cinexético especial
- (3) En terreos incluídos no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés

OUTRAS REGULACIÓNS / CAZA POR DANOS

| OUTRAS REGULACIÓNS | | | |
|--|--|-----------------------------------|--|
| | Período | | Observacións |
| | Dende | Ata | |
| Adestramento de cans. | T.R.C.C ⁽¹⁾ | 06/01/15 | 4 cans por cazador e 16 por grupo constituído por un máximo de 6 cazadores. |
| | T.R.C.E ⁽²⁾ | 18/10/14 | |
| | | 19/10/14 | |
| Adestramento de cans en zonas destinadas a ese fin. | Todo o ano, agás os meses de cría | Todos | Os meses de cría das especies presentes na zona, serán propostos polo titular do espazo cinxético no plan anual de aproveitamento escollidos entre o mes de abril e xullo, enténdéndose no seu defecto, que corresponde este período cos meses de maio e xuño. |
| Adestramento na modalidade de cans atrelados, en T.R.C.E | Todo o ano, agás os meses de cría (determinanse igual que no parágrafo superior) | Todos | Condições: ter o can atrelado e controlado en todo momento, non molestar en ningún caso as especies cinxéticas, non acercarse ao cocho da peza, un can por cazador e coa autorización do titular do aproveitamento cinxético. |
| Zonas de caza permanente | Todo o ano, agás os 3 meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres | Todos | Caza sementada de paspallás e perdiz, tamén se poderá autorizar o coello de monte e faisán. |
| CAZA POR DANOS | | | |
| Especies | Período | | Observacións |
| | Dende | Ata | |
| Lobo | Todo o ano | Segundo modalidade e época do ano | Danos constatados |
| Xabaril | Todo o ano | Segundo modalidade e época do ano | Danos constatados |
| Corzo | Todo o ano | Segundo modalidade e época do ano | Danos constatados |
| Raposo | Período hábil de caza da especie | | Poderán autorizarse batidas por danos constatados en zonas de adestramento permanente para cans e aves de cetraría e zonas de vedado. |

(1) T.R.C.C.= terreos con réxime cinxético común

(2) T.R.C.E.= terreos con réxime cinxético especial

CALENDARIO CINEXÉTICO 2014-2014

CALENDARIO CINEXÉTICO CAZA MENOR

| Especies | Modalidades | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maió | Xuño | Xullo | Agosto | Setembro | Outubro | Novembro | Decembro |
|---------------------------------|-------------|---------|----------|-------|-------|------|------|-------|--------|----------|---------|----------|----------|
| Arcea e agacha | Caza menor | 6 | 8 | | | | | | | | 19 | | |
| Lebre | Caza menor | | | | | | | | | | 19 | 30 | |
| Raposo | Batida | | 8 | | | | | | 17 | | | | |
| | Caza menor | 6 | | | | | | | | | 19 | | |
| Paspallás | Caza menor | 6 | | | | | | | 23 14 | | 19 | | |
| Resto de especies e rula común | Caza menor | 6 | | | | | | | 23 14 | | 19 | | |
| Tordos | Caza menor | 6 7 | 31 | | | | | | | | 19 | | |
| Resto de especies de caza menor | Caza menor | 6 | | | | | | | | | 19 | | |

Nos Tecor da antiga Lagoa de Antela

Tecor incluídos nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui.

En T.R.C.E. excepto nos concellos de Ourense no anexo V da Resolución.

CALENDARIO CINEXÉTICO CAZA MAIOR

| Especies | Modalidades | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maió | Xuño | Xullo | Agosto | Setembro | Outubro | Novembro | Decembro |
|----------------------|---------------------|---------|----------|-------|-------|------|------|-------|--------|----------|---------|----------|----------|
| Corzo | Axexo ♂ | | | 1 | | | | 31 | | | | | |
| | Axexo, B. e M. ♀ | 7 | 8 | | | | | | | | | | |
| | Axexo, B. e M. ♂ | | | | | | | | 24 | | 18 | | |
| Xabaril | Batida, M. e espera | | 8 | | | | | | 15 | | | | |
| Cervo, gamo e muflón | Axexo | | | | | | | | | 8 | 5 | | |
| | Axexo, B. e M. | | 2 | | | | | | | | 19 | | |
| Cabra montesa | Axexo | | 31 | | | | | | | | 1 | | 15 |


Nos terreos cinexéticos de réxime especial do Xurés

MAMÍFEROS

CERVO



GAMO



MUFLÓN ⁽¹⁾



RAPOSO



CORZO



COELLO



XABARIL



LEBRE



AVES



FAISÁN COMÚN



PATO REAL



PASPALLÁS



PERDIZ RUBIA



POMBO TORCAZ

MAMÍFEROS



RELACIÓN DE ESPECIES CAZABLES NO TERRITORIO DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NA TEMPADA 2014-2015

MAMÍFEROS


LOBO



CORZO




GAMO



LEBRE



COELLO



VISÓN AMERICANO



RELACIÓN DE ESPECIES CAZABLES NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NA TEMPADA 2014-2015

AVES

ANÁTIDAS



**PATO
RABILONGO**



**PATO
REAL**



**PARRULO
CHUPON**



**PARRULO
CRISTADO**



PASPALLÁS



PERDIZ RUBIA



FAISÁN COMÚN

GALIFORMES



COLÚMBIDOS E CÓRVIDOS



**POMBO
TORCAZ**



**RULA
COMÚN**



**CORVO
VIRIAZ**



**PEGA
RABILONGA**

RELACIÓN DE ESPECIES CAZABLES NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NA TEMPADA 2014-2015

AVES

ANÁTIDAS E RÁLIDAS



CERCETA COMÚN



GALIÑOLA NEGRA

LÁRIDOS E LIMÍCOLAS



GAIYOTA CLARA



GAIYOTA CHORONA



AVEFRÍA



AGACHA



ARCEA

TÚRDIDO E OUTROS

TORDO REAL



TORDO CHARLO



TORDO COMÚN



TORDO MALVÍS



ESTORNIÑO PINTO





TERREOS NOS QUE SE PROHIBE O EXERCICIO DA CAZA




A CORUÑA

NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación destas zonas, pódese consultar a páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo:

http://www.emati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Caza/seccion.html&std=A_caza_en_Galicia.html



 Zonas Prohibidas


Proyección U.T.M. Huso 29
Escala GR800
Sistema de referencia ETRS89

A CORUÑA











1. Arquipélago de Sálvora, pertencente ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
2. Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira).
3. Lagoa de Louro (Muros).
4. Illas Sisargas (Malpica de Bergantiños).
5. Lagoas de Xuño, S. Pedro de Muro e toda a zona costeira occidental atlántica de Porto do Son.
6. Lagoa de Doniños (Ferrol).
7. Lagoa da Frouxeira (Valdoviño).
8. Monte S. Xurxo (Ferrol).
9. Encoro de Cecebre.
10. Encoro de Sabón.
11. Brañas de Sada (Sada).
12. Ría de Ortigueira e Ladrado.
13. Encoro de Ribeira (As Pontes de García Rodríguez).
14. Ría de Ferrol: dende a Ponte das Pías ata a desembocadura do río Xubia.
15. Marismas de Baldaio.
16. Enseada da Ínsua (Ponteceso).
17. Lagoa de Traba (Laxe).
18. Marismas de Betanzos ata o Pazo de Mariñán.
19. Estación cinexética de Cerqueiros (Monfero).
20. Marisma de Carnota (Carnota).
21. Encoro de Vilagudín (Cerdeada, Ordes e Tordoia).
22. Encoro de Vilasénin (Cerdeada e Ordes).
23. Montes veciñais en mancomún Xián, Furiño, Gándara, Reviratorta e Reboredo, das parroquias de Colúns (San Salvador) e Arcos (Santiago), do concello de Mazaricos.
24. Predio do mosteiro de Sobrado dos Monxes (Sobrado dos Monxes).
25. Zona do Barbanza segundo límites que constan na orde e delimitación no terreo.
26. Terreos no concello de Sobrado segundo límites que constan na orde e delimitación no terreo.
27. Marismas de Dodro.



LUGO



LUGO

-  1. Xunqueiras e Ría do Eo.
-  2. Monte Fraga Vella (Abadín e Mondoñedo).
-  3. Terreos de Espiñeira e Lagoa de Cospeito (Cospeito)
-  4. Monte do Veral (Lugo).
-  5. Monte Paramedela (Pobra de Brollón).
-  6. Monte Bibeí (Quiroga).
-  7. Devesa de Rogueira (Moreda - O Courel).
-  8. Ría de Foz.
-  9. Veiga de Pumar (Castro de Rei).
-  10. Lagoas do Pedroso (Begonte).


NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación destas zonas, pódese consultar a páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo:

http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Naturaleza/Caza/seccion.html&std=A_caza_en_Galicia.html



OURENSE



INSTITUTO
TERRITORIAL
Cartografía autorizada por el Estado de España
Cartografía elaborada por el Instituto de Estudios de Territorio

 Zonas Prohibidas

Proyección U.T.M. Haas 29
Escala: GR80
Sistema de referencia: ETRS89



OURENSE

1. Encoro de Castrelo de Miño (Ribadavia, Castrelo de Miño e Cenlle).
2. Parque Natural do Invernadeiro (Vilariño de Conso).
3. Predio Salgueiros, pertencente ó Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés (Muíños).
4. Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés.
5. Zona de influencia de explotación de áridos da comarca da Limia (Sandiás).
6. Predios da Edreira e As Nabuíñas (Laza).
7. Zonas de reserva integral do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.


NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación destas zonas, pódese consultar a páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo:

http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Naturaleza/Caza/seccion.html&std=A_caza_en_Galicia.html














PONTEVEDRA



 Zonas Prohibidas

Proyección U.T.M. Huso 29
Escala de Grados
Sistema de referencia ETRS89


PONTEVEDRA

-  1. Parque Natural das Illas Cíes e na illa de Ons.
-  2. Augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público da Enseada de San Simón (Vilaboa, Pontevedra, Soutomaior e Redondela).
-  3. Augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público, e zona marítimo-terrestre do Complexo Intermareal do Umia-O Grove-A Lanzada-Punta Bodeira.
-  4. Gándaras de Budiño (Porriño).
-  5. Encoro de Pontillón do Castro (Pontevedra).
-  6. Punta Carreirón (Illa de Arousa).
-  7. Baixo Miño e Illa Canosa (A Guarda e O Rosal).
-  8. Illa Canosa e morraceira do Grilo (A Guarda e O Rosal).
-  9. Parque Natural do Monte Aloia (Tui).
-  10. Zona do Val Miñor (Gondomar, Nigrán e Baiona).
-  11. Xunqueira de Alba (Pontevedra).

NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación destas zonas, pódese consultar a páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo:

http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Caza/seccion.html&std=A_caza_en_Galicia.html



**TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN
(ZONAS LIBRES)**



A CORUÑA / LUGO / OURENSE / PONTEVEDRA

CONDICIÓN:

Para o exercicio da caza nestas zonas atenderase ao establecido nas seguintes normas:


- Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Resolución do 12 de maio de 2014, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2014-2015.

NOTA:


Para obter unha maior definición na delimitación destas zonas, pódese consultar a páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo:

http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Naturaleza/Caza/seccion.html&std=A_caza_en_Galicia.html

A delimitación dos terreos baixo réxime cinexético común que se xunta, está suxeita a posibles variacións como consecuencia da resolución de expedientes administrativos que afecten á clasificación destes terreos a efectos cinexéticos.



TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN A CORUÑA (ZONAS LIBRES)




 Zonas Libres

Proyección U.T.M. Hueso 29
Escala: GRIS0
Sistema de referencia: ETRS89




TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN


LUGO (ZONAS LIBRES)



TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN OURENSE (ZONAS LIBRES)



TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN PONTEVEDRA (ZONAS LIBRES)



DOCUMENTACIÓN NECESARIA

Para poder practicar a caza é necesario estar en posesión e levar consigo os seguintes documentos:

- Licenza de caza.
- Seguro de responsabilidade civil do cazador.
- DNI.
- Permiso de armas, guía de pertenza.
- Outras autorizacións por razón de modalidade.

Os menores de idade deben ir en compañía dalgún cazador maior de idade para cazar con armas.

IDENTIFICACIÓN DE CANS

- É obrigatoria a identificación de todos os cans
- A identificación supón a marcaxe con microchip e o procesamento informático dos datos relativos á marcaxe.
- O microchip asígnalle ao animal un código de identificación individual que permite diferenciarlo doutro, relacionando a súa propiedade cunha persoa física ou xurídica.
- Os datos almacénanse nun sistema informático responsable da emisión e control dos códigos de identificación (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía, REGIAC). A base de datos actúa como rexistro de censado e identificación.

Son obrigas básicas do propietario dun can:

- Implantación do microchip no can (a partir de 2 de xullo de 2003).
- Inscripción no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos e licenza municipal para a tenza (só para potencialmente perigosos).

Lexislación: Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

Para máis información dirixirse a:

- *Concello de residencia habitual*
- *Dirección Xeral de Conservación da Natureza - Tfno.: 981 547 213 – 981 546 054*
- *Servizos provinciais de Conservación da Natureza*
A Coruña: 981 184 539 - Lugo: 982 294 393
Ourense: 988 386 569 - Pontevedra: 986 805 097
- *Ou á páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no enderezo <http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Conservacion>.*



¿QUE DEBE FACER SE LOCALIZA UN ANIMAL FERIDO NO CAMPO?

Un animal silvestre ferido precisa atención especializada, require tratamento sanitario e un manexo coidadoso que rehabilite con éxito o animal e que conclúa cunha solta posterior no medio natural.

Segundo o establecido no artigo 52.3 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, queda prohibido alterar e destruír a vexetación así como dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal fose o método empregado; esta prohibición inclúe a retención e a captura en vivo, recolección e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos aínda que estean baleiros. En relación con estes, quedan igualmente prohibidos a posesión, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluído o comercio exterior.

As ditas prohibicións serán de especial aplicación aos animais silvestres comprendidos nalgunha das categorías enunciadas no artigo 55. Como unha das excepcións ás ditas prohibicións, no artigo 62.1 da lei establécese que a caza e a pesca en augas continentais só se poderá realizar sobre as especies que regularmente se declaren como pezas de caza ou pesca, declaración que en ningún caso poderá afectar a especies incluídas no Listado de Especies en Réxime de Protección Especial.

Ao localizar un animal ferido no campo, débese pór en contacto inmediatamente co centro de recuperación de fauna silvestre da súa provincia ou, no seu defecto, co axente de Conservación da Natureza da zona ou co Servizo de Conservación da Natureza. Logo de establecido o contacto, o animal será recollido e trasladado ao centro de recuperación de fauna silvestre, nun prazo máximo de 24 horas. **Baixo ningún concepto poderá quedar en posesión do animal.**

Durante a espera o máis conveniente é que o animal permaneza nunha caixa de cartón do seu tamaño (se as características do animal o permiten) situada nun lugar silencioso, seco e temperado, lonxe de persoas ou outros animais.

Centros de Recuperación de Fauna Silvestre de Galicia

ACORUÑA

*Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"Santa Cruz de Oleiros"-Oleiros.
Tfno.: 981 62 62 41*

LUGO

*Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"O Veral" - Estrada de Friol - Lugo.
Tfno.: 982 20 77 05*

OURENSE

*Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"Alto do Rodicio" - Maceda.
Tfno.: 988 30 20 51*

PONTEVEDRA

*Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"Cotorredondo"-Vilaboa.
Tfnos.: 986 68 03 90*



COLABORACIÓN COS SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS PARA A TOMA DE MOSTRAS EN ESPECIES CINEXÉTICAS.

No marco dos diferentes programas de erradicación, control e vixilancia das enfermidades dos animais, especialmente o Programa Nacional de Erradicación da Tuberculose Bovina e o Programa Nacional de Vixilancia de Enfermidades en Fauna Silvestre, a Comunidade Autónoma de Galicia ten a obriga de desenvolver actuacións de vixilancia sanitaria sobre as poboacións de especies cinexéticas, especialmente de xabaril. Neste contexto, dende o ano 2008 algúns tecores de Galicia están colaborando estreitamente cos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural e do Mar na toma de mostras de animais cazados.

Incluído no Plan de Vixilancia Sanitaria da Fauna Silvestre que anualmente levan a cabo os servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural e do Mar, estase a desenvolver o “Programa de Vixilancia da enfermidade vírica hemorráxica no coello de monte-2014”. Vostede pode formar parte deste Programa mediante accións de vixilancia, de tal xeito que, cando se localice un exemplar de coello de monte con sospeita de estar afectado por esta enfermidade, pode recollelo e entregalo para a súa análise a través da Rede de Oficinas Agrarias Veterinarias, dos Centros de Recuperación de Fauna Silvestre ou do persoal do servizo de gardería da CMATI. O material necesario para a toma destas mostras será facilitado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Lémbrese que a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, concede especial importancia á vixilancia da situación sanitaria dos animais, incluíndo os silvestres. Por outra banda, tamén lémbrese que o Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de especies cinexéticas, xurde coa intención de prever a diseminación de enfermidades a causa do movemento de especies cinexéticas, e indica os requerimentos previos que eses desprazamentos precisan.



Servizos Provinciais de Conservación da Natureza

A CORUÑA

Praza de Luis Seoane, s/n, 5ª planta
15008 A Coruña

Tfnos.: 981 18 45 80 – 18 59 05

Licenzas: 981 18 22 99

LUGO

Ronda da Muralla, 70 - 1º
27071 Lugo

Tfno.: 982 29 45 22 – 29 49 77

Licenzas: 982 29 45 38

OURENSE

Rúa do Paseo, 18 – 5º andar
32003 Ourense

Tfnos.: 988 38 63 77 – 38 65 03

Licenzas: 988 38 65 11

Gardería: 682674922

PONTEVEDRA

Rúa Fernández Ladreda, 43 – 2ª planta
36071 Pontevedra

Tfnos.: 986 80 54 59 – 80 54 38

Licenzas: 986 80 54 67

Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tfnos.: 981 54 61 14 - 981 54 61 15

Teléfonos Denuncias Infraccións

Garda Civil (SEPRONA): 062

Policía Autonómica 981 54 64 74

Policía Autonómica (Delegacións):

- A Coruña: 981 15 34 10


- Lugo: 982 25 26 11

- Ourense: 988 24 12 00

- Pontevedra: 886 20 61 42



galicia



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA